

EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY II

Informe trimestral de xaneiro a marzo de 2015

Entre os anos 2008 e 2013 Implicadas e PDI traballaron en 5 suburbios e 5 aldeas do distrito de Tiruchirapalli cunha visión integral da erradicación da pobreza dende o xénero e atendendo ás migracións rurais-urbanas. En 2013 deuse por concluída con éxito esta intervención e planificouse unha segunda fase do traballo, seguindo a mesma estrutura e filosofía pero en 5 aldeas e 5 suburbios novos, nos que se traballará nos próximos catro anos cunha poboación de 16.514 persoas (8364 mulleres e 8150 homes). Os suburbios son:

- 1.Mudukkupatty
- 2.Andakondan
- 3.Samathuvanagar
- 4.Ramachandranagar
- 5.Kuppankulam

As aldeas inclúen

- 1.Karaipatty
- 2.Karumalai
- 3.Ammachatrapudur
4. Aalampatty
5. Adaikampatty

Durante o primeiro ano (entre xaneiro e decembro de 2014), o proxecto centrouse en establecer unha boa comunicación coa comunidade, crear grupos de axuda mutua (GAM) entre as mulleres e concienciar sobre saúde e cuestións de xénero para resolver os aspectos máis preocupantes detectados durante a planificación. Neste segundo ano

(entre xaneiro e decembro de 2015), levaranse a cabo as mesmas actividades. Durante o terceiro ano (entre xaneiro e decembro de 2016), formaranse os Consellos de Desenvolvemento de Suburbio (CDS) a nivel de suburbio e os Consellos de Desenvolvemento de Aldea (CDA) a nivel aldea, as responsables dos cales serán elixidas sempre democraticamente. No segundo e terceiro ano, ademais, rematará o proceso de identificar e formar o chamado voluntariado de xénero e o chamado voluntariado de saúde comunitaria. Crearanse, por outra banda, clubs para a mocidade e os GAM poranse en contacto cos bancos para recibir apoio financeiro. Durante o cuarto ano (entre xaneiro e decembro de 2017), o equipo implicarase na formación das entidades comunitarias, como os CDA e os CDS. 3 Por último, durante o quinto ano (2018), o proxecto centrarase en deixar o programa en mans das organizacións con base na comunidade, isto é, os citados Consellos de Desenvolvemento, tanto de suburbio como de aldea, así como o Consello de Goberno Comunitario (CGC). Ademais, esforzarase en ir en consonancia coa estratexia proposta e mellorar o nivel de formación comunitaria para a propia comunidade poida emprender o programa de xeito independente. O obxectivo deste programa é contribuír á erradicación da pobreza en cinco suburbios e en cinco aldeas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli a través do empoderamento das mulleres desde unha perspectiva económica, social, política e de xénero. Para isto o programa traballará o empoderamento dende un punto de vista individual e comunitario en todas as súas vertentes. Isto quere dicir que se incluírán actividades para a mellora da situación económica, educativa, sanitaria e de dereitos das mulleres mais tamén se traballará sobre todo na sensibilización de xénero de toda a comunidade. Este informe recolle o traballo realizado no primeiro trimestre de 2015.

ACTIVIDADES

1. Empoderamento de mulleres e sensibilización de xénero

Orientación para os GAM



Durante este trimestre organizouse un programa de orientación no suburbio de Madukkupatty. Asistiron 15 mulleres que recibiron información sobre como formar un grupo de axuda mutua (GAM), o proceso para abrir unha conta bancaria e como manter as contas do grupo, como escoller representantes, etc.

Formación de GAM

Neste trimestre formáronse 4 GAM novos, un na zona rural e un na zona urbana, abriron a súa conta bancaria. Os dous últimos grupos formados en Mudukkupatty aforraron 6.600 rupias (96 euros) e contan con 52 mulleres.

Formación sobre contabilidade para os GAM:

Durante este período organizouse unha formación de animadoras e representantes de GAM na zona rural na que participaron 14 mulleres. A formación centrouse en como levar a contabilidade dos grupos.

Día da muller 2015



O 8 de marzo celebrouse o Día internacional da muller en St. Joseph College, en Tiruchy. Unhas 600 integrantes de GAM participaron no programa. Houbo unha manifestación dende KT Junction ata o St. Joseph College que abriu a Dra. V. Sujatha, directora do Cauvery College. A Dra. Z. Annie Vijaya, superintendente da policía do ferrocarril foi a convidada especial e a señora Thenmozhi, directora de facenda e a Dra. Charmila do Adithi Hospitals tamén participaron no programa. O voluntariado de xénero e os mellores GAM recibiron certificados, ademais dos que se distribuíron entre as asistentes aos cursos de costura organizados polo programa.

Rexistro de traballadoras do sector informal

As traballadoras do sector informal dos suburbios recibiron motivación para entrar na xunta de protección de traballadoras e traballadores do sector informal de xeito que poidan acceder aos programas de apoio do goberno. 49 persoas se integraron e conseguiron o carné.

Sensibilización de xénero para mulleres:



Neste período organizáronse dúas xuntanzas de sensibilización de xénero en Mudukkupatty e Andakondan. En total asistiron 39 mulleres para falar de igualdade de xénero.

2. Centro de atención ás mulleres

Neste trimestre a maioría das mulleres que se achegaron ao centro fixérono por cuestións relativas a dereitos no matrimonio e por cuestións de violencia de xénero dentro da familia.

Mulleres que recibiron apoio psicosocial	Mulleres que recibiron apoio para ir á policía	Mulleres derivadas a asistencia legal gratuíta	Mulleres en seguimento
11	0	5	3

Neste trimestre, o centro ofreceu os seus servizos a once mulleres que puido identificar por diversas vías, mentres que cinco máis foron derivadas ao servizo de asistencia legal do distrito e tres están en seguimento.

Campamento legal:

Neste trimestre organizouse un campamento legal de sensibilización en Andakondan coa axuda dos servizos da autoridade legal do distrito no que participaron 60 mulleres. Os avogados Thiyagarajan e Ramkumar facilitaron o campamento e explicaron cuestións relativas aos dereitos básicos das mulleres, a importancia do certificado de nacemento e defunción, a importancia de rexistrar os matrimonios, a lei de violencia “doméstica”, a adopción legal, a lei de protección da infancia, etc.



3. Actividades educativas

Clases de apoio:

Esta actividade ten como obxectivo axudar a infancia a mellorar a aprendizaxe na escola formal. A actividade céntrase tamén en ofrecer as nenas un ambiente onde poidan aprender e aclarar as súas dúbidas de clase. A maioría das nenas non contan cun entorno de aprendizaxe nos seus fogares dado que se agarda delas que axuden na casa polas tardes. Mesmo se teñen tempo, non contan con apoio nos estudos porque a maioría das familias son analfabetas ou non completaron os estudos, ademais de darlle pouco valor á súa educación. Os nenos, se ben a familia os anima a ir á escola, tampouco teñen apoio nos estudos.

As clases de apoio organízanse polas tardes e son as animadoras que se encargan de impartilas. Agárdase que ao final do proxecto pasen por estas clases 300 crianzas, a metade como mínimo, nenas. As animadoras axudan as crianzas a avanzar nas leccións da escola, realizan probas trimestrais para comprobar os progresos, e rexistran estes progresos na cartilla de cada alumna ou alumno, o cal axuda a facer un seguimento do seu progreso.

Durante este trimestre **185 nenas e 140 nenos (325)** asistiron ás clases de apoio tanto nas zonas rurais como urbanas. A seguinte táboa amosa a cifra por suburbio/aldea:

Asistencia ás clases de apoio

Aldea/suburbio	Xaneiro			Febreiro			Marzo		
	OS	AS	T	OS	AS	T	OS	AS	T
Andakondan	11	17	29	8	20	28	12	18	30
Kuppankulam	18	14	32	17	14	31	18	14	32
Mudukupatti	9	12	31	9	15	24	10	20	30

Ramachandranagar	10	17	27	10	17	27	10	17	27
Samathuvanagar	11	9	20	11	9	20	13	9	23
TOTAL	59	69	128	55	75	130	63	78	141
Adaikampatty	23	25	48	23	25	48	23	25	48
Ammachatrapudhur	10	19	29	12	24	36	12	24	36
Aalampatty	8	23	31	10	25	35	10	25	35
Karumalai	12	8	20	14	8	22	14	8	22
Karaipatti	0	0	0	0	0	0	18	25	43
TOTAL	53	75	128	59	82	141	77	107	154

Outras actividades de apoio:



Neste período organizouse un programa para o alumnado das clases de apoio en colaboración co Holy Cross College no que participaron 42 crianzas de Mudkkupatty e no que o señor Mohan, da Federación ambiental de Tâmil Nadu falou do “ser humano e o medio”.

Tamén se celebrou o Día Mundial da Auga na zona rural do proxecto, no que participaron 92 crianzas na escola elemental de Aathupatty. Proxectouse un vídeo sobre a importancia da auga cos seguintes contidos:

1. Uso correcto da auga
2. Hixiene persoal

3. Importancia de usar a latrina
4. Hixiene corporal
5. Manexo da auga
6. Enfermidades provocadas pola auga

Alfabetización para persoas adultas

As clases de alfabetización para persoas adultas ofrecen a oportunidade ás persoas dos suburbios e do rural de aprender a escribir e a ler en tAMIL. As animadoras ofrecen estas clases polas tardes cando as alumnas teñen algo de tempo. Neste período participaron 30 mulleres e 2 homes. Nestas clases aprenden a escribir o seu nome e palabras simples. A seguinte táboa amosa a distribución por zonas das persoas que seguen o curso de alfabetización, onde se utilizan os libros Pudhiya Paadhai Part – 1, 2 & 3 e Karkum Bharatham.

Aldea/suburbio	Xaneiro a marzo 2015		
	H	M	T
Andakondan	0	2	2
Kuppankulam	1	3	4
Mudukupatti	0	6	6
Ramachandranagar	0	6	6
Samathuvanagar	0	2	2
TOTAL	1	19	20
Adaikampatty	0	2	2

Ammachatrapudhur	1	2	3
Aalampatty	0	1	1
Karumalai	0	1	1
Karaipatti	0	5	5
TOTAL	1	11	12

Xuntanzas de familias e profesorado:

En todas as zonas se convocan xuntanzas entre as familias e o profesorado para implicar estas últimas no programa de apoio educativo. Anímase as familias a que envíen as nenas e nenos ás clases de apoio e convócase a mais e pais para que coñezan a evolución educativa das súas crianzas. Neste período organizáronse 28 xuntanzas ás que asistiron 75 homes e 427 mulleres. A seguir a táboa amosa a información detallada destas xuntanzas.

Suburbio/ Aldea	Xaneiro a marzo de 2015		
	H	M	T
Andakondan	0	52	52
Kuppankulam	0	38	38
Mudukupatti	0	37	37
Ramachandranagar	0	49	49
Samathuvanagar	0	30	30
TOTAL	0	206	206
Adaikampatty	25	60	85

Ammachatrapudhur	5	67	72
Aalampatty	11	49	60
Karumalai	9	50	59
Karaipatti	0	20	32
TOTAL	50	246	296

4. Actividades sanitarias

O programa provome a saúde entre as mulleres como parte do seu empoderamento. O acceso aos servizos sanitarios e saúde reprodutiva é fundamental dado que mellora a calidade de vida das mulleres. As mozas que atrasan o nacemento da primeira crianza ata os 20 anos ou máis aumenta o seu acceso á educación e á vida laboral. A atención pre e post natal de alta calidade evita o nacemento de crianzas con baixo peso, reduce a mortalidade de menores de 5 anos, pode evitar a maioría de mortes maternas e baixa a fertilidade. Se se reduce a carga que produce parir e atender as crianzas as mulleres tamén poden participar noutras actividades.

Outra cuestión de importancia neste sentido é que a maioría das mulleres das zonas onde actúa o programa non utilizan compresas sanitarias para a menstruación. Utilizan trapos vellos que afectan a súa saúde reprodutiva.

A estratexia de promoción da saúde axuda a mellorar a calidade de vida das mulleres e permite que adquiran coñecementos neste campo para ser máis autónomas. As actividades principais desta área detállanse a continuación.

Atención pre e post natal

O persoal do proxecto fai seguimento das mulleres embarazadas e que acaban de parir. A través de sesións de comunicación interpersoal motivan as mulleres para que vaian a revisións médicas e sigan a vacinación. Neste período 71 mulleres embarazadas e 143 que xa pariran recibiron a visita das traballadoras e seguiron os patróns de vacinación. A seguinte táboa ofrece información detallada ao respecto.

Número de mulleres embarazadas que foron motivadas para vacinación

Aldea/suburbio	Xaneiro		Febreiro		Marzo	
	M	I	M	I	M	I
Andakondan	2	2	3	3	3	3
Kuppankulam	2	2	2	2	3	3
Mudukupatti	3	3	6	6	6	6
Ramachandranagar	2	2	1	1	1	1
Samathuvanagar	1	1	1	1	1	1
TOTAL	10	10	13	13	14	14
Adaikampatty	4	4	3	3	3	3
Ammachatrapudhur	1	1	1	1	3	3
Aalampatty	2	2	2	2	1	1
Karumalai	2	2	2	2	2	2
Karaipatti	2	2	2	2	4	4
TOTAL	11	11	10	10	13	13

Número de mulleres paridas motivadas para vacinación

Aldea/Suburbio	Xaneiro		Febreiro		Marzo	
	M	I	M	I	M	I
Andakondan	6	6	6	6	8	8
Kuppankulam	10	10	8	8	8	8
Mudukupatti	7	7	8	8	7	7
Ramachandranagar	3	3	3	3	1	1
Samathuvanagar	9	9	10	10	10	10
TOTAL	35	35	35	35	34	34
Adaikampatty	2	2	2	2	2	2
Ammachatrapudhur	1	1	3	3	2	2
Aalampatty	1	1	1	1	2	2
Karumalai	3	3	4	4	3	3
Karaipatti	3	3	4	4	6	6
TOTAL	10	10	14	14	15	15

Voluntariado sanitario

O voluntariado sanitario desempeña un papel fundamental como axente de cambio na comunidade. Traballa coas animadoras e derivan persoas enfermas a centros de saúde próximos. Axudan a que o equipo organice campamentos e campañas sanitarias. 30 voluntarias traballan neste momento na zona do programa, tal e como se indica a seguir.

	Suburbio	Voluntarias
1	Andakondan	1.Jamila 2.Bhuvaneshwari 3.Nargeesbanu
2	Kuppankulam	1.Lakshmi 2.Mageshwari 3.Nithiya
3	Mudukupatti	1. Lakshmi 2. Manjula 3.Saritha 4.Renganeyagi
4	Ramachandranagar	1.Manjula 2.Vimaladevi
5	Samathuvanagar	1.Kanjana 2.Jayarani 3.Thenmozhi
TOTAL		15

Aldeas

	Aldeas	Voluntariado
1	Karumalai	1.Lakshmi 2.Seethalakshmi 3.Mahalakshmi
2	Aalampatty	1.Ponnumani 2.Shanmugavalli 3.Revathy
3	Adaikampatty	1.Chinnammal 2.Thayammal 3.Chinnazhagi
4.	Ammachatrapudur	1.Sivamani 2.Lakshmi 3.Machi
5.	Karaipatty	1.Santha 2.Chithra 3.Malar
TOTAL		15

Ademais, organizáronse dous programas de sensibilización sobre saúde pre e posnatal tanto na zona rural coma urbana. En total, asistiron 22 mulleres, 12 na zona urbana e 10 na rural. As mediadoras das sesións foron Kamatchi e Parameswari, traballadoras do programa de prevención da transmisión do VIH de mais a crianzas de PDI.

Programa de sensibilización sobre tuberculose

Neste período do informe, organizáronse 13 xuntanzas de sensibilización sobre tuberculose na zona rural. En total 159 persoas (132 mulleres e 27 homes) e 10 persoas foron derivadas a facer tests de esputo. As persoas participantes coñeceron as vías de transmisión de tuberculose, causas e efectos, centros de referencia, uso de DOTS, etc.

Ademais, durante o día da muller tamén no suburbio de Mudukkupatty se organizou unha sesión sobre a turberculose á que asistiron 59 mulleres. A encargada de impartila foi a Dra Savithri do hospital público de Tiruchy.

Saúde menstrual

Durante o período deste informe, organizáronse dous programas de hixiene menstrual nas aldeas para mozas. En total participaron 48 mulleres e mozas e coñeceron aspectos da saúde menstrual, uso de compresas, como desbotalas. A coordinadora do programa, Jesintha, foi a responsable desta actividade.

Sensibiliación sobre VIH e SIDA



Durante o período do informe realizáronse dous programas de sensibilización sobre o VIH/SIDA en Mudukkupatty & Chokkalingapuram. En total asistiron 53 mulleres. Os temas tratados foron:

- Que é o VIH/SIDA?
- Como entra no corpo?
- Cales son as medidas preventivas e de seguridade?
- Cales son os pasos para facer a proba da SIDA?

- Onde se pode facer a proba do VIH?

O programa foi impartido por Tamilarasi, traballadora de base do programa de prevención da SIDA de Tiruchy.

Prevenición do cancro

Durante o período do estudo organizáronse 3 programas de prevención do cancro en colaboración co hospital Harshamithra de Smathuvanagar, Andakondan e Ramachandranagar. En total asistiron 114 mulleres para coñecer os síntomas do cancro, tipos de cancro, causas e tratamentos.

Planificación familiar

No período deste informe 5 mulleres recibiron apoio para adoptar métodos definitivos de planificación familiar.

Persoas con discapacidade física

Neste período un rapaz de 12 anos de Chokkalingapuram foi derivado ao centro de rehabilitación do distrito para persoas con discapacidade para recibir o carné de identificación e tamén se solicitou a súa tarxeta gratuíta de transporte.

ORZAMENTO

A continuación presentamos o desempeño de orzamento deste trimestre. O programa foi financiado cos fondos das cotas de socias e socios de Implicadas.

Empoderamento de mulleres en Tiruchy II					
Balance de ingresos e gastos de xaneiro a marzo de 2015					
Ingresos	Rupias	Euros	Gastos	Rupias	Euros
Balance de apertura					
En man	4618	71,05	Xuntanza de seguimento	1695	26,08
No banco	23058	354,74	Material de oficina	1099	16,91
Transferencia Implicadas	1225	18,85	Teléfono e correos	8356	128,55
Contribución "A súa voz II"*	162602	2501,57	Desprazamentos persoal	5582	85,88
			Coordinación	11270	173,38
			Outros gastos	2595	39,92
			Documentación	1422	21,88
			Alugueiro e electricidade	24099	370,75
			Salario asistente de oficina	8000	123,08
			Honorario director do proxecto	12000	184,62
			Honorario instrutora informática	6000	92,31
			Desprazamentos do centro de atención ás mulleres	1500	23,08
			Teléfono de axuda do centro de atención ás mulleres	1500	23,08
			Salarios coordinadoras	65746	1011,48
			Salario contable	12000	184,62
			Honorario animadoras	22984	353,60
			Informe anual	3000	46,15
			Balance de peche		
			En man	0	0,00
			Banco	2655	40,85
	191503,00	2946,20		191503,00	2946,20
* Módulo complementario financiado polo Fondo Galego de Cooperación para reforzar a participación política das mulleres.					

VOCES DO PROGRAMA



Jeyanthi vive en Kuppankulam e ten dous fillos de 10 e 8 anos e unha filla de 5. Traballa de limpadora en casa. O seu fillo maior, Jeyaraj, está en 5º de primaria e agora vai ás clases de apoio de PDI. Antes o neno aprendía con lentitude e non destacaba na clase. A familia non tiña cartos para darlles clases de apoio pero despois de comezar nas clases do programa comezou a sacar boas notas e a mestra da escola tamén lle deu os parabéns pola súa mellora.



Papayee ten 50 anos e vive en Mudukkupatty. Antes de empezar coas clases de apoio non sabía escribir o seu nome e asinaba coa impresión dactilar. Pero agora pode escribir o seu nome e tamén outras palabras simples. A animadora impártelle as clases co libro Pudhiya Paadhai Part – 1.



Chinnammal ten 29 anos e vive en Karumalai. Traballa como xornaleira e vendendo comida na súa aldea polas mañás. Ten dúas fillas e forma parte dun grupo de aforro. Tomou crédito interno de 3000 rupias do seu grupo para mercar potas para facer os idlis, a especialidade que vende para o almorzo, un camping gas a maiores, ademais doutras potas para o seu negocio. Agora pode cubrir as necesidades da súa familia con este negocio e o traballo de xornaleira e tamén devolver o crédito.

Sivapriya ten 19 anos e vive en Ammachatrapudur. Rematou a secundaria pero debido á mala situación económica da súa familia non puido continuar cos estudos. Soubo do centro de costura de PDI e anotouse en xaneiro de 2015. Nos treses meses de formación recibida pode xa facer *churidares* (casaca e pantalón) e quere seguir aprendendo máis modelos e tamén como facer as blusas do sari. Está segura de que grazas á costura poderá mellorar economicamente no futuro e contribuír á economía familiar.



Kanagasundari vive en Karumalai. Ten un fillo e una filla que van á escola e tamén asisten ás clases de apoio do programa. O equipo animou ás mulleres da súa zona a formar un grupo de axuda mutua para comezar a aforrar. Hai moitas institucións de microfinanciamento que ofrecen crédito a alto interese, pero para ela iso só ofrece solución a moi curto prazo porque seguían sen ter nada de cartos ao seu nome. Co grup sente que ten aforro e que pode conseguir crédito do propio grupo, o cal considera unha gran vantaxe.